

CAMBALACHEAMOS UN TANGO PARA CONTAR A VIDA DE JOSÉ MARÍA SILVA

Os nenos estivemos
a falar de emigración,
marcharon un montón
de xente a traballar.

Sáíron da súa Terra
para poder mellorar,
chegaron a ultramar
podémosche contar:

A historia dun veciño desta terra
chamábase Silva,
marchou con seis anos,
de Montillón ate Montevideo
traballando arreo
puido triunfar.

Foron anos de traballo,
noite e día sen parar,
a súa nai de costureira
el reparte o material

Con Don Eloy encomezou
a facer fotos e aí destacou,
moito aprendeu
e practicou
e converteuno nunha profesión.

Sacou fotos dos artistas
máis famosos do Uruguay
entre eles destacaba
un cantante arxentino
que non se puido olvidar.

No Foxo estudamos
cousas da nosa rexión,
as árbores, os ríos,
a nosa tradición.

Falamos de Sobreiras
de parroquias, de cancións
tamén dos que marcharon
ao mar como o salmón.

Do Umia para crecer noutras terras
como fixo Silva
con solo seis anos,
de Montillón ate Montevideo
traballando arreo
puido triunfar.

Foron anos de traballo
noite e día sen parar,
foi con dezanove anos
“Foto Silva” do Uruguay.

Todo salmón quere volver
ó río onde nadou unha vez,
se non volveu,
non olvidou,
a súa casa chamou Montillón.

Se escoitas este tango,
poderás recoñecer,
que o que cantou Cambalache
e que fotografou Silva
foi o gran Carlos Gardel!!

